

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIANXO E O CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL, PARA O REFORZO DO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO CON POLICÍAS LOCAIS PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL DURANTE AS FESTAS DA GUADALUPE 2025"

REUNIDOS

Julián Bustelo Abuín, na súa calidade de alcalde do Concello de Rianxo, consonte ao disposto nos artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

José Carlos Vidal Suárez, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Pobra do Caramiñal, consonte ao disposto nos artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Recoñecéndose ámbalas dúas partes capacidade xurídica necesaria para a formalización deste convenio e de común acordo,

Rianxo, setembro de 2025

I.- ANTECEDENTES:

Primeiro: Considerando que entre os días 12 ó 19 de setembro de 2025, tense previsto celebrar os festexos da Guadalupe 2025 no Concello de Rianxo.

Segundo: Que a dotación da policía local do concello de Rianxo, resulta insuficiente para ocasións puntuais de grande afluencia de persoas ó Concello, como no caso das festas da Guadalupe, en momentos puntuais. Prevese, con motivo destas celebracións, unha carga de traballo que non pode ser asumida cos efectivos existentes.

Terceiro: Que con motivo destas celebracións, existe unha carga de traballo que non pode ser asumida cos efectivos existentes.

Cuarto: O artigo 6, apartado 3, da Lei 4/2007, do 20 de abril, pola que se aproban as normas reguladoras de coordinación de policía local de Galicia, permite que, eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar o cadro de persoal da policía local dalgún Concello, o seu Alcalde poderá chegar a acordos con outros Concellos para que membros da policía destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do solicitante, por tempo determinado e, de ser preciso, en réxime de comisión de servizos, aceptado voluntariamente polo funcionario. O apartado 4 do mencionado artigo sinala que, en todo caso, deberá darse conta dos acordos adoptados polos Concellos á Consellería competente en materia de seguridade, para a súa anotación no Rexistro de Policía Local de Galicia.

Con base nos antecedentes citados, asínase este Convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre os concellos asinantes para o reforzo do Corpo da Policía Local do Concello de Rianxo durante as Festas da Guadalupe 2025 con 3 efectivos do Corpo da Policía Local de Pobra do Caramiñal.

SEGUNDA.- O Concello de Concello de Pobra do Caramiñal comprométese a reforzar o Corpo de Policía Local do Concello da Rianxo con 3 efectivos do seu propio corpo de policía local.

Os efectivos do Corpo de Policía Local de Pobra do Caramiñal, que aceptan voluntariamente o servizo en réxime de comisión de servizos, con indicación das datas e o horario no que ditos funcionarios prestarán os seus servizos no Concello de Rianxo, que poderá verse ampliado no caso de urxencia ou necesidade, son os seguintes:

AXENTES/NIF	DATA	HORARIO
A_MILLÁN_R; ****4568D	14/09/2025	07:00 h A 15:00 h
J.A._SANTAMARIA_O; ****9084F	14/09/2025	07:00 h A 15:00 h
M.J._ABUIN_Y; ****6314D	14/09/2025	07:00 h A 15:00 h

TERCEIRA.- O réxime no que tales funcionarios se atoparán durante a realización de ditas funcións será o de Comisión de servizos no Concello de Rianxo, ó abeiro do establecido no artigo 6, apartado 3, da Lei 4/2007, do 20 de abril, pola que se aproban as normas reguladoras de coordinación de policía locais de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Rianxo remitirá ó Concello de Pobra do Caramiñal, unha vez rematado o período da comisión de servizos, a certificación acreditativa da realización dos traballos, con indicación das horas, e o persoal que os realizou.

QUINTA.- Os importes que o Concello de Rianxo se compromete a aboar son de 210,00 euros/xornada e a Seguridade Social correspondente a cargo da empresa. Enténdese por xornada a de 8 horas de duración, prorrateándose proporcionalmente o resto de horas fora da xornada establecida (8 horas) que se realicen a maiores.

SEXTA.- O Concello de Pobra do Caramiñal aboará aos axentes as contías resultantes da comisión de servizos efectuada os efectivos do corpo de policía local de concello de Pobra do Caramiñal na nómina correspondente, e trala emisión do certificado regulado no punto 4. O gasto previsto derivado da comisión de servizos segundo é o seguinte:

CONCELLO	Número axentes	Data da comisión	AXENTE	Nº horas Da comisión	Custo	Custo Seg. Social	Custo total
POBRA DO CARAMIÑAL	1	Domingo 14/09/2025 07:00 á 15:00 h	A_MILLÁN_R; ****4568D	8	210,00 €	84,00 €	294,00 €
POBRA DO CARAMIÑAL	1	Domingo 14/09/2025 07:00 á 15:00 h	J.A._SANTAMARIA_O; ****9084F	8	210,00 €	84,00 €	294,00 €
POBRA DO CARAMIÑAL	1	Domingo 14/09/2025 07:00 á 15:00 h	M.J._ABUIN_Y; ****6314D		210,00 €	84,00 €	294,00 €
				Total	630,00 €	252,00 €	882,00 €

Este cuadrante, autorizado polo Pobra do Caramiñal e aceptado polo Concello de Rianxo, poderase ver alterado por razóns de forza maior debidamente xustificadas, no relativo á identidade dos axentes e no horario da comisión, sempre que haxa acordo polos xefes de policía de ambos concellos e non se altere o custo da comisión previsto na táboa anterior. Estas circunstancias deberanse acreditar no expediente.

O crédito orzamentario impútase á aplicación orzamentaria 130.46201 na que consta RC polo importe de 882 €.

Está previsto que os desprazamentos do persoal de reforzo se realicen en vehículo oficial, polo que non se preveu a indemnización por gastos de viaxe. Dado o horario da comisión tampouco procede a axuda de custo de manutención. Non obstante, se por causa non prevista e debidamente xustificada, os efectivos realizan o seu desprazamento no seu vehículo particular ou outro medio de transporte que xere dereito a indemnización, poderá compensarse, sempre que se acredite a existencia de crédito axeitado e suficiente.

No que respecta ás axudas de custe, estarase ao previsto no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e ás actualizacións do mesmo.

SÉTIMA: O Concello de Rianxo aboará ao Pobra do Caramiñal, os gastos de persoal e axudas de custo, nos termos da cláusula SEXTA, non podendo aboar cantidade ningunha aos axentes en servizo.

OITAVA: Pola Intervención Municipal do Concello de Pobra do Caramiñal emitírase informe dos gastos efectivamente devengados por mor de dita actividade en base ás declaracións xuradas de liquidación de quilometraxe e axudas de custo, se fose o caso, e en base á certificación emitida polo Concello de Rianxo acreditativa da realización dos traballos e o persoal que o realizou, en función dos días efectivamente traballados.

NOVENA: Con posterioridade, realizarase o abono correspondente, que deberá ingresarse na conta municipal do Concello de Pobra do Caramiñal estableza no prazo dun mes dende a recepción da citada documentación xustificativa.

DÉCIMA: A vixencia deste convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2025, sen posibilidade de prórroga. Este convenio ten natureza administrativa e axústase á Lei 4/2007, do 20 de abril, pola que se aproban as normas reguladoras de coordinación de policía locais de Galicia, á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público Local, e demais normativa administrativa de desenvolvemento. As cuestións litixiosas que del se deriven resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O ALCALDE DO CONCELLO DE RIANXO O ALCALDE DO CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL

Julián Bustelo Abuín

José Carlos Vidal Suárez